


## DATOS DA RUTA

- Tipo de percorrido: Lineal
- Lonxitude: 4,6 km
- Duración: 1,5 horas (ida).
- Tipo de camiño: Via asfaltada e senda peatonal.
- Uso recomendado: Peonil
- Dificultade: Baixa.
- Epoca recomendada: Todo o ano.

## COMO CHEGAR

- Dende a autoestrada do noroeste (A-6) tómase a saída 573 que indica Mabegondo. Tra-la saída no cruce da estrada AC-0106 (CP-1704) cóllese a dirección esquerda e a uns 50 metros atópase o cartel de inicio da ruta.
- Tamén se pode acceder desde o núcleo de Carral a través da AC-0106.

## PERFIL LONXITUDINAL




## LEMBRA



## A REDE NATURA EN GALICIA

A Rede Natura 2000 constitúe un conxunto de áreas de alto valor ecolóxico creada co fin de conservar os espazos naturais máis importantes de Europa.

Galicia conta con 66 espazos incluídos nesta rede, que supoñen máis dun 12% da súa superficie. O Encoro Abegondo-Cecebre constitúe un destes espazos.




## LIC-ZEPVN ENCORO DE ABEGONDO-CECEBRE

Está situado na confluencia do río Mero e o seu principal afluente, o río Barcés, que atravesa o Concello de Carral. Este encoro construíuse coa finalidade de abastecer de auga á cidade da Coruña e parte da súa área metropolitana, rematándose de construír no 1976. Esta zona protexida, alberga unha das extensións de bosque de ribeira máis importantes de toda Galicia, e acolle numerosas especies faunísticas, que fan deste espazo un dos enclaves de gran valor ambiental da comunidade.



## RUTA

## POLA RIBEIRA DO RIO BARCÉS




## DESCRIPCIÓN RUTA POLA RIBEIRA DO RÍO BARCÉS

A ruta comeza xunto á estrada AC-106 (CP-1704). Neste punto atoparemos o primeiro panel informativo a partir do cal, tomaremos a pista de concentración parcelaria que decorre polo val do río Barcés, entre prados e repoboacións de piñeiros e eucaliptos.


A uns 600 metros tomaremos un desvío á esquerda cara un sendeiro que nos achegará ó río Barcés. Aquí comeza un agradable paseo ó longo dunha senda de pescadores baixo un denso bosque de galería dominado por ameneiros de gran porte ata chegar á Ponte das Cabras onde se atopa outro panel informativo da ruta. Neste lugar poderemos ver o antigo muíño chamado "Muíño das Cabras".



Na ribeiras do río Barcés, aproveitando a humidade do solo, vive unha vexetación moi frondosa que recibe o nome de bosque de galería, onde o ameneiro (*Alnus glutinosa*) é a árbore representativa. Son numerosas as especies herbáceas asociadas a estas condicións húmidas e umbrías do ameneiral, algunhas delas de flores ou froitos moi vistosos.



O carballo (*Quercus robur*) aparece no percorrido formando unha pequena carballeira, que constitúe a vexetación representativa desta zona, aínda que aparece mesturado con repoboacións de eucalipto e de piñeiro.



A estación de tratamento de auga potable (ETAP) de Cañas foi construída a principios do século XX xunto ó río Barcés para o abastecemento de auga á Coruña e a súa área metropolitana, e actualmente da servizo ós habitantes de Carral.

Dentro deste conxunto destaca o edificio principal que alberga os filtros para tratamento de auga que foron os primeiros instalados en España.



No tramo final da ruta podemos observar pequenas construcións asociadas á condución de auga que vai dende a ETAP de Cañas ata o depósito de Monte Pino. Estas instalacións datan de principios do século XX e aínda se atopan en uso para o abastecemento de auga os habitantes de Carral.

Despois, voltaremos ó camiño principal e tomaremos a pista forestal que ascende ó carón dunha pequena carballeira. Dende este alto teremos unha boa panorámica do val do Barcés ocupado por un mosaico de cultivos e prados no fondo do val entorno ó cauce, e masas forestais que ocupan as zonas máis altas.

Tras deixar atrás esta lomba, voltaremos de novo ó camiño principal. Despois de 750 metros, tomaremos un sendeiro que de novo nos leva á ribeira do río Barcés.

Neste último tramo da ruta, camiñaremos entre a vexetación de ribeira conformada por unha estreita banda de ameneiros, freixos e chopos e os prados de sega que serven de alimento para a importante cabana gandeira desta zona. O final do percorrido atoparémonos ca fermosa ETAP de Cañas onde finaliza o noso percorrido por este espazo natural.